

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENTA DE DIVERSOS PRODUCTOS NA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE CAMBADOS.*ARTIGO PRIMEIRO: CONCEPTO*

De acordo co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Prezo Público pola venta de diversos produtos na Rede de Museos do Concello de Cambados, que se rexirá polo que dispón esta Ordenanza.

ARTIGO SEGUNDO : SUXEITOS OBRIGADOS Ó PAGO

Son suxeitos obrigados ó pago as persoas físicas ou xurídicas que compren algún dos produtos obxecto do prezo público.

ARTIGO TERCEIRO: ACTIVIDADES GRAVADAS

Constitue servizo ou actividade gravada por este Prezo Público a compra dos seguintes produtos:

- Caixa de galletas de 300 gr. do Muíño da Seca.
- Caixa de galletas de 35 gr. do Muíño da Seca.
- Bolígrafos do Museo do viño.
- Libro-Guía de Cabanillas.
- Catálogos de exposición.
- Libro “2000 anos de cultura del vino en la Península Ibérica” e outros similares sobre o viño.

ARTIGO CUARTO: CONTIAS DAS ACTIVIDADES GRAVADAS

1. O importe do Precio Público fixado cubrirá, como mínimo, o custo de realización dos produtos, según os datos que constan na Memoria económica anexa á Ordenanza.

2. A contía do Prezo Público determinarase aplicando as tarifas seguintes:

- Caixa de galletas de 300 gr. do Muíño da Seca: 3,10 €.
- Caixa de galletas de 35 gr. do Muíño da Seca: 0,65 €.
- Bolígrafos do Museo do viño: 0,65 €
- Libro-Guía de Cabanillas: 1,25 €.
- Catálogos de exposición: 5,15 €
- Libro “2000 anos de cultura del vino en la Península Ibérica” e outros similares sobre o viño: 9,30 €.

3. O Concello de Cambados resérvase o dereito de regalar algún destes produtos, con carácter excepcional e para promociona-lo mesmos e a Vila de Cambados.

ARTIGO QUINTO: OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagamento nace no momento en que se produza a entrega dos produtos ó obrigado ó pago, se ben este Concello poderá esixir o depósito previo no momento da solicitude.

ARTIGO SEXTO: NORMAS DE XESTIÓN: PAGAMENTO.

O pago do precio público farase no momento da entrega, sen prexuízo da posibilidade do depósito previo sinalado no artigo anterior.

As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo exisiranse por Vía de Apremio de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

PREAMBULO.—O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo, que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos Rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa nos mesmos. Ós efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Non están suxeitos o imposto:

- Os vehículo que dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
- Os remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cando a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

ARTIGO 2.—EXENCIONES.

1. Estarán exentos deste imposto:

- Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.
Asúmesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- Os vehículo respecto dos cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.
- As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.
- Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra a) do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.